

Ourense, 26 de agosto do 2010.

ENVIO FACTURAS 3º TRIMESTRE 2010:

Solicitamos nos envíen as facturas tanto de ingresos como de gastos que teñan dos meses de xullo e de agosto para que poidamos ir contabilizando. No caso das sociedades deben enviarnos tamén os extractos bancarios ata o 31/08/10 para poder axustar as contabilidades.

SUBVENCIONS ARTESANIA:

Informamos-lles que o día 10/08/2010 saíu publicada a Orde do 26 de xullo do 2010 na que se establecen as bases para a concesión de subvencións aos obradoiros artesanais.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

- 1.- Obras de reforma e acondicionamento en locais produtivos.
- 2.- Maquinaria e equipos para procesos de informatización.
- 3.- Divulgación e promoción de produtos artesanais: deseño de imaxes corporativas e logotipos, deseño, creación e contratación de dominio para páxina web do obradoiro.
- 4.- Participación como expositor con caseta propia en feiras de carácter profesional.
- 5.- Gastos de inscrición en programas formativos de especialización profesional que teñan relación coa súa actividade.
- 6.- Formación teórica e práctica de aprendices para o desempeño dos oficios artesáns da Sección Primeira do Rexistro de Artesanía de Galicia, dirixida a traballadores/as maiores de 16 anos e menores de 21.

REMATA O PRAZO PARA AS SOLICITUDES: 11/09/2010.

PERÍODO DE VACACIÓNS

Durante o mes de setembro permaneceremos abertos en xornada intensiva de 8 da mañá a 2,30 da tarde, e xa que durante este mes hai algún persoal de vacacións, pregamos que se encarguen as xestións con suficiente antelación para poder facelas con garantía de tempo.

Sen outro particular aproveitamos para enviarlles un saúdo.

Atentamente

